

1. Líder



BÚSCASE NOVO REI PROVINCIAL

Quedan 10 equipos dos 29 que iniciaron o camiño para suceder ao Burela como Campión Provincial infantil. O propio Burela, SD Viveiro B, Ribadeo, Residencia, Lugo B, Villalbés, Milagrosa, Becerreá, Piringalla e Sarriana optan ao título e ás tres prazas en xogo para disputar a fase de ascenso a partir da próxima semana



XUVENIL

3 0

CADETE

1 0



LIGAS GALEGAS XUVENIL E CADETE

O Viveiro saíu airoso dos dous derbis disputados no Marcos Gómez

Os cadetes impuxéronse cun solitario gol de Lucas na segunda parte, logo de que David detivese un penalti ao Rácing. Os xuvenís, que se adiantaron no gol de Noel aos seis minutos, dominaron o resto dun encontro no que Diego Fernández levou o marcador ata o tres a cero final

DIVISIÓN HONRA XUVENIL

1 1

EMPATE QUE SABE A POUCO O CD Lugo asinou táboas ante o Real Oviedo, pero os de Juan Subirán quedaron sen marxe cos postos de descenso de cara aos próximos derbis que teñen por diante na máxima categoría

PRIMEIRA DIVISIÓN XUVENIL

4 1

O CASTRO AMPLÍA A DIFERENZA no liderado en solitario. Os de Dumi asaltaron a Ribela e contan con cinco puntos sobre o segundo clasificado cando tan só se disputaron catro xornadas de Liga

XUVENIL D. DE HONRA	
RESULTADOS	
CD Lugo - R. Oviedo	1-1
R. Santander - Bansasder	1-2
R. Avilés - At. Perinés	2-0
TSK Rocas - R. Ferrol	1-0
Sp. Gijón - Ural CF	1-1
Deportivo - Val Miñor	2-1
Marina Sp. - Calasanz	0-1
RC Celta - Conxo	3-0

XUVENIL LIGA NACIONAL	
RESULTADOS	
Porrino - CD Aresoa	1-3
RC Villalbés - Alondras	1-1
EF Lalín - RC Celta B	1-5
Choco - Ourense CF	0-1
O Val - Val Miñor B	2-0
UD Ourense - Deportivo B	0-3
Victoria - CD Lugo B	0-0
Pabellón - Valladares	1-0
R. Bouzas - Pontevedra	1-3

XUVENIL L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
Dumbria - Ural B	3-2
Montañeros - As Pontes	1-1
Conxo B - Residencia A	1-1
Orillamar - R. Ferrol B	0-0
Estrada - Compostela	1-1
Victoria B - G. Caranza	2-4
Calasanz B - San Tirso	4-2
Viveiro CF - Villalbés B	3-0
Boiro - Bergantiños	0-0

CADETE DIVISION HONRA	
RESULTADOS	
Pontevedra - Ural	0-0
San Tirso - Bertamirans	4-1
Arosa SC - Calasanz	2-2
Conxo - R. Ferrol	3-2
Val Miñor - X. Oroso	3-1
Victoria - Deportivo	2-4
Bergantiños - CD Lugo	2-3
Pabellón - RC Celta	0-2
Coruxo - AJ Lérez	4-0

CADETE L. GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
R. Ferrol B - Ural B	1-6
Montañeros - Bergantiños B	5-1
Conxo B - Milagrosa	0-1
Deportivo B - Imperator	5-0
Estrada - Compostela	0-1
CD Lugo B - G. Caranza	1-2
Calasanz B - San Tirso B	1-4
Viveiro CF - RC Villalbés	1-0
Boiro - Dumbria	3-0

INFANTIL GALEGA NORTE	
RESULTADOS	
R. Ferrol - Ural	2-2
San Tirso - Bertamirans	1-3
G. Caranza - Salvora	4-3
Deportivo - X. Oroso	5-0
Victoria - Montañeros	2-2
CD Lugo - Conxo	2-4
Bergantiños - Calasanz	1-6
SD Viveiro A - Narón	5-1
EF Lalín - Victoria	2-2

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	31	11	10	1	0	27	7
SPORTING GIJÓN	25	11	7	4	0	34	11
RC DEPORTIVO	23	11	7	2	2	19	10
REAL OVIEDO	22	11	7	1	3	24	14
BANSANDER	20	11	6	2	3	16	9
R.SANTANDER	17	11	5	2	4	19	17
CONKO SANTIAGO	13	11	3	4	4	11	18
ATL PERINÉS	13	11	4	1	6	9	19
RACING FERROL	12	11	3	3	5	10	14
ED VAL MIÑOR	11	11	3	2	6	14	18
URAL CF	11	11	2	5	4	11	15
CD LUGO B	10	11	2	4	5	11	18
REAL AVILÉS CF	10	11	2	4	5	10	18
TSK ROCES	10	11	3	1	7	15	24
CD CALASANZ	8	11	2	2	7	9	17
MARINA SPORT	8	11	2	2	7	11	21

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C.CELTA "B"	31	11	10	1	0	40	8
C.D. CHOCO	23	11	7	2	2	20	8
DEPORTIVO "B"	22	11	7	1	3	33	15
C.D. AREOSA	20	11	5	5	1	23	16
PONTEVEDRA C.F.	20	11	6	2	3	22	16
R. BOUZAS	20	11	5	5	1	20	14
PAPELLÓN C.F.	20	11	6	2	3	21	18
ALONDRAS C.F.	20	11	6	2	3	18	15
OURENSE C.F.	17	11	4	5	2	21	16
C.D. LUGO "B"	14	11	4	2	5	14	20
S.D. O VAL	12	11	3	3	5	14	24
VALLADARES	11	11	3	2	6	14	22
UD OURENSE	11	11	3	2	6	14	22
RC VILLALBES	8	11	1	5	5	17	22
VICTORIA C.F.	8	11	2	2	7	10	19
E.F. LALIN	7	11	2	1	8	10	27
VAL MIÑOR "B"	6	11	1	3	7	6	21
PORRINO C.F.	3	11	0	3	8	9	23

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
S.D. COMPOSTELA	24	11	7	3	1	25	12
CALASANZ "B"	22	11	7	1	3	28	19
MONTAÑEROS C.F.	20	11	5	5	1	17	10
R. FERROL "B"	20	11	6	2	3	16	13
C.D. BOIRO	19	11	5	4	2	19	12
C.F. DUMBRIA	18	11	5	3	3	23	19
C.D. CONXO "B"	17	11	4	5	2	24	14
URAL CF "B"	17	11	5	2	4	23	17
G. CARANZA	17	11	5	2	4	20	22
C.D. AS PONTES	16	11	4	4	3	20	20
SAN TIRSO S.D.	15	11	4	0	6	24	16
ORILLAMAR S.D.	14	11	4	2	5	14	17
BERGANTIÑOS	13	11	3	4	4	14	17
VIVEIRO C.F.	11	11	3	2	6	20	36
ESTRADA FB	9	11	1	6	4	11	16
RESIDENCIA "A"	9	11	2	3	6	11	19
VILLALBES "B"	7	11	2	1	8	10	27
VICTORIA C.F. "B"	4	11	1	1	9	12	31

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	33	11	10	0	0	42	4
R.C. CELTA S.A.D.	30	11	10	0	1	49	9
SAN TIRSO S.D.	23	11	7	2	2	22	10
URAL CF	21	11	6	3	2	18	12
C.D. LUGO	21	11	7	0	4	16	17
E.D. VAL MIÑOR	19	11	6	1	4	19	17
C.D. CONXO	19	11	5	4	2	15	13
C.D. CALASANZ	16	11	4	4	3	20	15
VICTORIA C.F.	14	11	4	2	5	19	26
PONTEVEDRA C.F.	13	11	3	4	4	16	14
CORUXO F.C.	12	11	3	3	5	15	16
AROSA S.C.	12	11	3	3	5	14	21
X. OROSO	10	11	2	4	5	15	17
PAPELLÓN C.F.	10	11	3	1	7	13	18
RACING FERROL	9	11	2	3	6	11	24
BERGANTIÑOS C.F.	8	11	1	5	5	12	23
BERTAMIRANS C.F.	6	11	2	0	9	9	37
A.J. LEREZ	1	11	0	1	10	5	41

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
DEPORTIVO "B"	31	11	10	1	0	38	6
S.D. COMPOSTELA	28	11	9	1	1	22	5
E.F.M. BOIRO	23	11	7	2	2	30	12
MONTAÑEROS C.F.	21	11	6	3	2	26	8
URAL CF "B"	21	11	6	3	2	31	14
SAN TIRSO S.D. "B"	20	11	6	2	3	22	15
IMPERATOR O.A.R.	19	11	6	1	4	14	18
GAUCIA CARANZA	18	11	6	0	5	26	17
C.D. CONXO "B"	15	11	4	3	4	15	15
MILAGROSA	15	11	4	3	4	12	14
C.D. LUGO "B"	14	11	4	2	5	15	15
R. FERROL "B"	14	11	4	2	5	14	31
BERGANTIÑOS "B"	11	11	3	2	6	15	22
CALASANZ "B"	10	11	2	4	5	12	22
VIVEIRO C.F.	10	11	3	1	7	10	31
C.F. DUMBRIA	4	11	1	1	9	11	27
RC VILLALBES	3	11	0	3	8	10	26
ESTRADA FB	2	11	0	2	9	11	32

CLASIFICACIONES							
Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	33	11	11	0	0	72	3
BERTAMIRANS F.C.	30	11	10	0	1	36	6
C.D. CONXO	25	11	8	1	2	30	11
URAL CF	22	11	7	1	3	34	23
E.D. X. OROSO	21	11	6	3	2	25	15
SAN TIRSO S.D.	19	11	6	1	4	33	20
VICTORIA F.C.	16	11	4	3	4	22	13
C.D. LUGO	16	11	5	1	5	22	20
S.D. CNARÓN	16	11	5	1	5	24	24
RACING FERROL	15	11	4	3	4	24	23
MONTAÑEROS C.F.	14	11	4	2	5	20	21
SAN TIRSO S.D.	12	11	4	0	7	21	33
GAUCIA CARANZA	12	11	4	0	7	15	34
S.D. VIVEIRO "A"	11	11	3	2	6	25	36
E.F. LALIN	10	11	3	1	7	16	45
BERGANTIÑOS	9	11	3	0	8	14	48
VICTORIA C.F.	5	11	1	2	8	16	29
SALVORA, C.F.	0	11	0	0	11	7	52

PRÓXIMA XORNADA	
At. Perinés - RC Celta	R. Oviedo - R. Santander
Calasanz - R. Avilés	Bansasder - Sp. Gijón
Conxo - TSK Rocas	Ural CF - Marina Sp.
Val Miñor - CD Lugo	R. Ferrol - Deportivo

PRÓXIMA XORNADA	
CD Aresoa - R. Bouzas	Deportivo B - O Val
Alondras - Porrino	CD Lugo B - UD Ourense
RC Celta B - RC Villalbés	Valladares - Victoria
Ourense CF - EF Lalín	Pontevedra - Pabellón
Val Miñor B - Choco	

PRÓXIMA XORNADA	
Ural B - Boiro	G. Caranza - Estrada
As Pontes - Dumbria	San Tirso - Victoria B
Residencia - Montañeros	Villalbés B - Calasanz B
R. Ferrol B - Conxo B	Bergantiños - Viveiro CF
Compostela - Orillamar	

PRÓXIMA XORNADA	
Ural - Coruxo	Deportivo - Val Miñor
Bertamirans - Pontevedra	CD Lugo - Victoria
Calasanz - San Tirso	RC Celta - Bergantiños
R. Ferrol - Arosa SC	AJ Lérez - Pabellón
X. Oroso - Conxo	

PRÓXIMA XORNADA	
Ural B - Boiro	Compostela - Deportivo B
Bergan B - R. Ferrol B	San Tirso B - CD Lugo B
Milagrosa - Montañeros	RC Villalbés - Calasanz B
Imperator - Conxo B	Dumbria - Viveiro CF
G. Caranza - Estrada	

PRÓXIMA XORNADA	
Ural - EF Lalín	Conxo - Victoria CF
Bertamirans - R. Ferrol	Calasanz - CD Lugo
Salvora - San Tirso	Narón - Bergantiños
X. Oroso - G. Caranza	Victoria - SD Viveiro
Montañeros - Deportivo	

NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO

Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta CP 27004

☎ 981 900 600 689097243
lugo.arbitros@futgal.es

Sede Central
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
15707 Santiago de Compostela
comite.arbitros@futgal.es

A Coruña
Juan de Giorraga 3 - Baixo
CP 15008
coruna.arbitros@futgal.es

Santiago de Compostela
Est. Mult. de San Lázaro, porta 4
CP 15707
santiago.arbitros@futgal.es

Ourense
Pura e Dora Vázquez

O Lugo esgotou os comodíns cos postos de descenso

OS DE SUBIRÁN MERECERON GAÑAR ANTE O OVIEDO, pero encadean sete xornadas sen vencer na División de Honra e están no fío dos postos de caída á Liga Nacional xuvenil

O Lugo mereceu os tres puntos ante un Real Oviedo que se presentou na Cheda desde o terceiro posto da División de Honor xuvenil. Unha diferenza considerable entre os dous equipos na clasificación que os de Juan Subirán encargáronse de demostrar sobre o terreo de xogo que non é real.

Pese a iso, o Lugo tivose que conformar cun empate. Un punto que sabe a pouco pero co que evitaron caer por primeira vez no que vai de tempada aos postos de descenso tras sete xornadas consecutivas nas que o premio da vitoria resisteselles aos lucenses.

A posta en escena xa indicou que o Lugo non lle tería excesivo respecto ao Oviedo, e desde os primeiros minutos imprimíulle máis intensidade que o seu rival ao xogo. Xabi Domínguez, moi activo por banda esquerda, foi o principal foco de perigo dun Lugo que mereceu adiantarse no marcador, pero o premio do gol resistiuse ata con remates coma o de Ernesto desde dentro da área, que se foi alto cando xa se cantaba o un a cero na Cheda.

O Real Oviedo saíu con vida do bombardeo



"PARTIDO BIEN TRABAJADO POR LOS CHAVALS. AHORA A SEGUIR ENTRENANDO PARA PODER SEGUIR MEJORANDO" JUAN SUBIRÁN - CD Lugo

lucense pero os asturianos demostraron que non compiten con balas de foguero e na súa primeira chegada con perigo, tras unha falta lateral colgada á área, un xogador visitante desviou lixeiramente o balón e subiu o sorprendente cero a un ao marcador nunha primeira parte na que o Lugo fixo moitos máis méritos que o seu rival.

Juan Subirán intentou darlle confianza ao equipo no descanso sen mover practicamente nada, xa que o equipo estaba a un bo nivel. Tan só a ansiedade pola necesidade de puntos fixo que perdesen

un pouco o control na segunda parte ao intentar buscar o goles da remontada antes que o do empate.

Pasada a hora de xogo Gabarre reconciliouse co gol, o capitán albivermello asumiu a responsabilidade e transformou un penalti co que devolveu as táboas ao marcador adeicándolle o gol ao seu pai que estaba de aniversario.

A partir de aí o encontro foi un ida e volta coa mellor ocasión para o Lugo cun remate de Luis que se estrelou no poste, e varias chegadas sen finalizar que deixaron aos lucenses ás portas dunha



Xabi Domínguez nunha internada pola banda esquerda



David Guitián encarando no man a man a un defensa de Schuster

1

DEBUT David Rosón, que xa debutara na División de Honra a pasada tempada, disputou os primeiros minutos nesta campaña ao entrar no terreo de xogo en substitución de Schuster

merecida vitoria, pero co empate evitaron caer aos postos de descenso.

Próxima xornada

O Lugo viaxa a Nigrán para medirse cun Val Miñor que suma once puntos nas primeiras once xornadas, un máis que o Lugo polo que o duelo é de urxencias. O que perda pode terminar a xornada nos nunca desexados postos de descenso.



Porto medíndose cun xogador rival en medio campo



Gabarre, autor do gol, co balón entre tres defensas e baixo a mirada de Ernesto

ÚNICA TIENDA ESPECIALIZADA EN FÚTBOL Y FÚTBOL SALA EN LA PROVINCIA DE LUGO






Tenemos los últimos modelos de botas y zapatillas de las mejores marcas

Trabajamos todos los tipos de suelas en tallas tanto de niño como de adulto

Salvador de Madariaga 3, local 8 (Lugo) · 604 03 64 24



Novo empate que sabe a pouco

O RÁcing VILLALBÉS ASINOU TÁBOAS POR CUARTA XORNADA CONSECUTIVA. O Alondras saíu con vida dun partido no que os de Cholas volveron facer máis méritos que o seu rival para puntuar



Árbitro: Álvaro Valín, Javier Gómez e Alberto Lago Campo: Estadio Roca Vilalba

O Rácing Villalbés empatou o seu quinto encontro da tempada, o cuarto de forma consecutiva na Liga Nacional xuvenil tralo un a un co que o Alondras levouse un punto do Roca tras verse sometido polos chaireiros.

Sobre un terreo de xogo moi encharcado e que co paso dos minutos foise poñendo máis pesado, o Rácing Villalbés foi de menos a máis. Os de Cholas dominaron sempre, con moitas chegadas por banda con incorporacións de Cabado

e Anido nas que sacaban centros que terminaban con remates sen ver portaría ou córners. Nas accións a balón parado o Villalbés tamén buscou e mereceu o gol con senllos remates de Nico e Gabri cos que rozaron o un a cero.

Speedy, cun disparo que despexou un defensa, e Rares, o mellor xogador do encontro, tamén rozaron o gol, este último cun disparo que se marchou por encima do largueiro.

“POCO PREMIO PARA ESTOS JUGADORES QUE HAN HECHO UN PARTIDO COMPLETÍSIMO”

CHOLAS - Rácing Club Villalbés

Édgar practicamente non tivo que intervir ata que aos tres minutos da segunda parte o Alondras, na súa única ocasión, fixo o 0-1.

López multiplicouse no medio campo gañando as disputas e as segundas accións. Anido fixo seu o carril esquerdo e o Villalbés envorcouse con todo en busca dunha remontada que se volveu quedar a medias, xa que tan só Speedy atopou o camiño do gol entre múltiples ocasións cunha acción individual que finalizou sacándose un disparo coa zurda caéndose tras un recorte. Ata o asubio final

do colexiado o Rácing continuou buscando o gol da vitoria, pero unha vez máis tivo que conformarse cun punto pese a merecer con creces os tres en xogo.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

- RARES
- SPEEDY
- ANIDO



Speedy, autor do gol do Villalbés, presionando ao porteiro rival no Estadio Roca

4

EMPATES CONSECUTIVOS os de Cholas asinaron táboas ante Rápido de Bouzas, 1-1. Porriño Industrial, 1-1. Areosa, 2-2 e Alondras, 2-2.

3

GOLES DE SPEEDY no que vai de tempada. O extremo disputou os once encontros ata a data partindo dende o once inicial de Cholas

8

PUNTOS, cinco tras empatar noutros tantos encontros e tres trala única vitoria ata o momento tras impoñerse ao Ourense no Estadio Roca

Savia nova para unha versión 2 camaleónica do Lugo B

MERITORIO PUNTO nun encontro con moitas ausencias no que os lucenses souberon sufrir para puntuar por segunda xornada consecutiva

7

AUSENCIAS Iago, Rosón, Chanza, Brian, Pérez, Asier e Castrín non estiveron dispoñibles por diferentes motivos

2

REMATES AO POSTE na primeira parte o Lugo B tivo dous longueiros con remates de Javi e Leandro nunha mesma xogada



O olbivermello Rodri nunha acción de ataque



Árbitro: Sergio Espasandín, Rubén Reborido e Iván Morlán Campo: A Grela

O Lugo B saíu da Grela cun punto valioso e meritorio, sobre todo por conseguilo con tantas ausencias e logo de sufrir, especialmente na segunda parte, ante un bo Victoria.

De inicio Brais Prados tivo que formar un once

con ata sete ausencias significativas trala convocatoria de Iago Fernández, David Rosón, Chanza e Brian co primeiro equipo, ás que se engadiron as de Castrín e Asier sancionados e a de Pérez, lesionado.

Con todo iso, o Lugo B exhibiu fondo de armario

“NOVA SEMANA POR DIANTE CON ADESTRAMENTOS PARA SEGUIR TRABALLANDO E MELLORANDO”

BRAIS PRADOS - CD Lugo B

ata once inicial de garantías no que destacaba o debut do porteiro cadete Víctor, que non puido terminar por lesión o encontro, debutando tamén o cadete Jacobo baixo paus e sendo un dos protagonistas do encontro ao deter un lanzamento de penalti na segunda parte.

Ata entón ante a dificultade de controlar o encontro a partir da posesión, o Lugo B retrocedeu metros e xuntou filas en repliegue. En defensa apenas concedeu unha chegada cun centro lateral, mentres que

DEBUTS os porteiros, aínda en idade cadete, Víctor e Jacobo, disputaron os seus primeiros minutos esta tempada na Liga Nacional xuvenil deixando a portaría do Lugo B a cero. Jacobo incluso detivo un penalti na segunda parte

en ataque dispuxo da ocasión máis clara cun dobre remate ao largueiro. Primeiro foi Javi cun disparo desde fóra da área e no rexeite, Leandro, de cabeza, volveu estrelar o balón no pau.

Xa na segunda parte o partido rompeuse moito máis, sendo por momentos un correcales que ao Lugo B non lle interesaba en absoluto, pero non conseguiu controlar o xogo no mediocampo.

Víctor tivo que retirarse por lesión e Jacobo acaparou o protagonismo detendo un penalti a dez minutos para o final dunha segunda parte na que de novo Leandro e Javi, este último á saída dun córner, tiveron as aproximacións máis claras para un Lugo B que soubo sufrir na segunda parte para lograr un punto.



Os xogadores do Viveiro celebrando co corpo técnico a vitoria no derbi ante o Rácing Villalbés B nos vestiarios ao remate do encontro

O Viveiro confirma no derbi o seu idilio co Marcos Gómez

TERCEIRA VITORIA DA TEMPADA, E TODAS ELAS NA CASA. A última ante o Rácing Villalbés B nun encontro marcado polo temperán un a cero de Noel

VIVEIRO CF **3** **0** **RC VILLALBÉS B**
Goles: Noel e Diego (2)



Árbitro: Jonathan Losada. José Luis Rivera e Raúl López. Campo: Marcos Gómez, Viveiro

OS MELLORES

VIVEIRO CF	RC VILLALBÉS B
DIEGO	ÁLEX
BOIXET	DIEGO
XOEL EIJO	SANTI

Terceira vitoria da tempada e segunda consecutiva do Viveiro no Marcos Gómez, ambas desde a formación do dúo Xaime e Antonio Serrano á fronte do equipo.

Pese a estar aínda a mediados de novembro o derbi entre Viveiro e Villalbés B na Liga Galega xuvenil xa tiña e tivo tintes de gran importancia pola delicada posición de ambos na clasificación. O Viveiro fixo valer o factor campo ante un Villalbés B sen poder de reacción tras encaixar o un a cero cando tan só se disputaran seis minutos de xogo.

Certo é que o Viveiro saltou ao terreo de xogo máis intenso,

cunha presión alta que asfixiou e maniatou aos chairegos. Noel volveu demostrar que aos poucos recupera a súa mellor versión. Aos seis minutos aproveitou unha indecisión defensiva do Villalbés B para inaugurar o marcador e poñer de cara o derbi desde os primeiros minutos para o Viveiro.

Lonxe de acomodarse, os celestes continuaron presionando en campo rival, gañando as disputas e as segundas accións para xogar practicamente toda a primeira parte en campo do Villalbés B. O un a cero deuilles a pausa necesaria con balón e Pedro evitou o dous a cero cun remate de Diego Fernández. Con todo, o propio Diego Fernández sería o autor do dous a cero antes do descanso tras unha asistencia de Trasi coa que o Viveiro puxo terra polo medio no derbi na primeira parte.

"ESTA DEBE SER LA ACTITUD CON LA QUE EL EQUIPO AFRENTE LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS QUE JUGAREMOS A DOMICILIO" ANTONIO SERRANO - Viveiro Club de Fútbol

"O VIVEIRO FOI MELLOR QUE NÓS EN TODOS OS ASPECTOS DO XOGO. SÓ NOS QUEDA SEGUIR TRABALLANDO PARA INTENTAR MELLORAR" IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés

A sentenza chegou no segundo tempo. O Villalbés B non tivo capacidade de reacción nos primeiros minutos para recortar distancias e tan só dispuxo dunha ocasión, cun disparo de Diego que sacou ben Pablo cunha boa intervención.

A balanza estaba ao lado do Viveiro e os celestes sentenciaron o derbi con outro gol de Diego Fernández. Noel, nunha boa presión, propiciou un mal despexe de Pedro. O balón terminou en poder de Diego, e este cun disparo desde fóra da área puxo o tres a cero no marcador á hora de xogo.

Na última media hora o Viveiro priorizou non encaixar gol, pechou filas e malia que o Villalbés B puido ter algo máis de presenza en campo rival, apenas xerou algunha ocasión con perigo ante Pablo.

Próxima xornada

O Rácing Villalbés B recibirá no Roca ao Calasanz B, segundo clasificado, antes de viaxar a Coruña para medirse dentro de quince días co Victoria B, último clasificado, nun encontro que volverá a ter tintes de final na Liga Galega xuvenil.

O Viveiro xogará os dous

Borja debutou asinando o definitivo 1-1 en Santiago

SEGUNDO empate consecutivo da Residencia fóra da casa

CONXO STG. **1** **1** **RESIDENCIA**
Got: Iago Got: Borja



Árbitro: Noel Villamor, Sergio Maldonado e Álex García

"ESTAMOS RENDINDO MOI BEN FÓRA DA CASA. AGORA TOCA QUE O REFRENDEMOS NA CHEDA"

ADRIÁN VÁZQUEZ - SDC Residencia

Segundo empate consecutivo da Residencia a domicilio tras empatar na Estrada e co Conxo Santiago nesta xornada. Un empate que asinou Borja, tras disputar os seus primeiros minutos da tempada logo de superar unha lesión que o tivo no dique seco ata a data.

De inicio o partido foi moi táctico, xa que os composteláns empezaron con moita posesión, pero ao ver que non podían xerar perigo ante unha Residencia moi ben plantada no campo, cedéronlle a iniciativa no xogo aos lucenses para roubar e saír á contra. Ante iso, os de Adrián Vázquez estiveron moi ben con balón con Yoel, David, Cancio e Fonseca acaparando moito protagonismo nunha primeira parte na que, tras unha falta a favor da Residencia, o porteiro compostelán montou unha contra letal que terminou no un a cero.

Tralo descanso a Residencia quixo ser e foi protagonista. Con defensa de tres centrais e con Borja e Fonseca como puntas, os lucenses xeraron situacións de perigo ata que Borja asinou o regreso soñado aos terreos de xogo co gol do empate tras aproveitar un rexeite dun disparo de Cancio. O propio Cancio tivo unha ocasión para sumar os tres puntos cun pase de Borja que rematou lixeiramente cruzado.

2

GOLES DIEGO FERNÁNDEZ O xogador celeste sentenciou o derbi cun gol antes do descanso e outro á hora de partido no Marcos Gómez. Xa suma catro, mentres que Xoel Eijo é o pichichi con oito goles

11

PUNTOS PARA O VIVEIRO que pasará a súa primeira semana de traballo estando fóra dos postos de descenso dende que comezou a tempada

7

PUNTOS PARA O VILLALBÉS B tras sete xornadas sen gañar os de Iván Lamas necesitan puntuar ante o Calasanz B, segundo clasificado, para chegar con boas sensacións a Coruña para medirse co último clasificado, o Victoria B, dentro de quince días

próximos encontros lonxe do Marcos Gómez, buscando a súa primeira vitoria da tempada a domicilio ante Bergantiños e Boiro.

Cambio de guiión perfectamente asimilado sobre a marcha

O LUGO PREPARARA POLA SEMANA UN PARTIDO DISTINTO AO QUE SE DISPUTOU, xa que en principio o encontro sería no campo grande da Eirosa e a última hora pasouse ao pequeno



Árbitro: David Vázquez, Óscar Rey e Christian Sendin. Campo: As Eiroas, Carballo

Vitoria de moito mérito do Lugo en Carballo nun encontro no que tivo que cambiar o guiión previsto e traballado ao longo da semana a última hora, xa que Dani Galán preparara o encontro para xogar no campo grande da Eirosa. Con todo, un cambio de terreo de xogo en última hora fixo que se disputase o partido no campo pequeno.

“EL EQUIPO SE ADAPTÓ A LO QUE TOCABA EN ESTE ENCUENTRO Y FUE COMPETITIVO DE PRINCIPIO A FIN”

DANI GALÁN - CD Lugo

O técnico lucense cambiou de sistema minutos antes de empezar, pasando a un 4-4-2 co que o Lugo respondeu á saída de balón e tivo máis presenza nas

2 GOLES DE HUGO DÍAZ que valen 6 puntos no que vai de tempada. O mediocentro, que disputou 10 dos 11 encontros esta tempada, asinou dous goles e ambos valeron para desfacer senllos empates no marcador

segundas xogadas ao gañar moito protagonismo o fútbol directo.

O Lugo, que ensaiara o partido para ter o balón, púxose o mono de traballo para as disputas e as accións a balón parado, que se prevían e foron decisivas nun campo de reducidas dimensións.

Tras uns primeiros minutos de toma de contacto o Bergantiños pegou primeiro co un a cero tras un disparo ante o que nada puido facer Marcos.

Antes do descanso Borja reencontrouse co gol e fixoo

3 GOLES DE BORJA O punta reencontrouse co gol na División de Honra. Estreárase na segunda xornada ante o Bertamiráns, e en Carballo incluso acariciou o hat trick tras asinar dous goles e estrelar un balón no pau

por partida dobre para darlle a volta ao marcador.

De cara á segunda parte o plan era saír intensos, pero aos tres minutos o Bergantiños empatou tras unha acción individual. A partir de aí, o Lugo foi mellor con e sen balón, estrelou un balón no poste por medio de Borja e Xoel, cun disparo desde a frontal da área, tamén rozou o gol antes de que Hugo asinase o dous a tres no último minuto tras anticiparse no primeiro pau logo dun saque de esquina para darlle os tres merecidos puntos ao Lugo.



Hugo, autor dun gol neste encontro, nunha celebración

A Milagrosa non escatimou un só esforzo en Santiago

DERROCHE FÍSICO E DE INTENSIDADE recompensado no marcador final cun solitario gol de Diego Cabarcos. Os de Madriles volven á senda da vitoria



Borja a piques de sacar de portería nun partido en Friga

A Milagrosa volveu á senda da vitoria na Liga Galega cadete con selo de identidade propia. Os

de Madriles disputaron un partido moi completo no que non escatimaron un só esforzo ao longo dos



Árbitro: Julio José Martínez, Iria García e Jorge García. Campo: A Merced, Conxo, Santiago

oitenta minutos, nos que o único pero volveu estar na finalización xa que tan só Diego Cabarcos atopou o camiño do gol logo de dispoñer de varias ocasións claras os lucenses.

Cunha presión alta a Milagrosa asfixiou ao Conxo Santiago B desde

os primeiros minutos, nos que os composteláns apenas podían achicar balóns nin saír do seu campo.

As ocasións máis claras nos primeiros corenta minutos foron para Rafa á saída dun córner e para Diego Cabarcos cun remate coa zurda que ter-

1 REGRESO DE MIGUEL O centrocampista perdeuse por enfermidade os últimos tres encontros e ante o Conxo Santiago volveu dispoñer de minutos

2º VEZ PORTERÍA A CERO A Milagrosa tan só conseguira deixar a súa portería a cero no derbi ante o Racing Villalbés en Friga, polo que ademais é a primeira vez que non encaixan gol a domicilio.

“PARTIDO MUY COMPLETO DEL EQUIPO QUE REFRENDA EL TRABAJO QUE REALIZAN A LO LARGO DE LA SEMANA”

MADRILES - SDC Milagrosa

minou en mans do porteiro santiagués.

O Conxo Santiago saíu con vida da primeira parte,

pero non se podía nin imaxinar que a Milagrosa conseguiría manter o listón de esixencia tan alto. Aos cinco minutos da reanudación Rafa roubou o balón e asistiu para que Diego Cabarcos, desde dentro da área, asinase o un a cero.

O gol deulle pausa á Milagrosa con balón, a volta de Miguel consisten-

cia ao equipo, e o Conxo Santiago non chegou nin unha soa vez aos dominios de Borja, mentres que

Cabarcos, cun man a man, tivo a ocasión máis clara para ampliar a vantaxe no marcador final.

OS MELLORES MILAGROSA

CABARCOS	2	2	2
BRAIS	2	2	
HUGO	2		

Próxima xornada

A Milagrosa recibirá en Friga ao cuarto clasificado, o Atlético Coruña Montañeros, coa segunda vitoria consecutiva en mente.

O Viveiro captou a mensaxe asinando un partido sobresaínte

FIDI DEU UN TOQUE DE ATENCIÓN A PASADA SEMANA e o equipo varreu do campo ao Narón cun 5-0 na primeira parte. Adri asinou un hat trick antes do cuarto de hora inicial



Árbitro: David Jiménez, Jorge Marful e José Luis Rivera. Campo: Marcos Gómez, Viveiro.

Ao terminar o encontro da pasada xornada na Coruña ante o Calasanz, Fidi mandou unha clara mensaxe aos seus xogadores, aos que lles pedía máis implicación e compromiso para poder competir na máxima categoría, unha Liga Galega á que tanto custou volver.

A mensaxe foi clara e os xogadores entenderon

e cumpriron. Os adestramentos da semana xa invitaban a ser optimistas, pero unha vez que comezou a rodar o balón viuse que o equipo estaba moi enchufado.

Os goles en contra están sendo un lastre, de feito o Viveiro non conseguiu terminar

ningunha xornada coa súa portería a cero, pero ante o Narón a idea era defender en campo rival para que o balón estivese os máis lonxe posible da portería defendida neste encontro por Javi Illán.

Fidi suscitou unha asfixiante presión en campo rival cun cambio de debuxo táctico, pasando a un 4-4-2 do que o gran beneficiado era Adri, que se afastou da banda e xuntouse con Xoel Ferro a facer diabluras na punta de ataque.

A posta en escena do Viveiro foi moi boa, pero a de Adri en punta foi espectacular. O xa pichichi celeste inaugurou o marcador aos sete minutos tras unha gran acción de Samuel por banda dereita, aos doce de xogo fixo o dous a cero cun gol olímpico tras saque de



Adri, que asinou un hat trick, dirixiu a sinfonía do Viveiro

esquina e antes do cuarto de hora inicial, aos trece minutos de partido, fixo o tres a cero ao empuxar ao fondo das mallas un pase de Xoel Ferro.

No medio do monólogo celeste o Narón ape-

nas podía pasar de medio campo pola presión dun Viveiro que ampliou a conta co catro a cero por medio de Xoel Ferro, tras unha gran presión de Mateo, e co cinco a cero antes do descanso ao aproveitar Rafa

"CONTENTO POR LA PRIMERA VICTORIA EN CASA, NOS LA MERECIAMOS. CONTENTOS POR COMPETIR A ESTE NIVEL TAN ALTO QUE NOS COSTÓ ENCONTRAR. AHORA ESPERO QUE LOGREMOS MANTENERLO EL MAYOR TIEMPO POSIBLE"

FIDI - Viveiro SD

un rexeite tras unha acción a balón parado.

Co partido visto para sentenza, na segunda parte o Viveiro continuou a bo nivel ante un Narón que saíu da presión local con fútbol directo, estando Javi Illán moi atento en todos os balóns longos. O único lunar do encontro foi non deixar a portería a cero tras encaixar un gol á hora de partido tras unha acción de falta de contundencia defensiva. Á marxe disto, o partido do Viveiro foi de 10.

A contundencia do Conxo Santiago sorprendeu ao Lugo



Lucas presionando a un xogador do Conxo Santiago



Raúl co esférico por diante do seu compañeiro, Xavi

OS ALBIVERMELLOS tiveron máis ocasións, pero o acerto dos composteláns foi case do 100%



Árbitro: David Pereira, Brais Piñeiro e Brais del Olmo. Campo: Luis López Gorgoso, As Gándaras

O Lugo encadeou por primeira vez esta tempada tres partidos sen gañar. Os de Jony chegaban á cita co Conxo Santiago tras empatar co Xuventude Oroso e perder co Montañeros, quedándose ao bordo dos postos que marcan a loita polo título

Galego e a pelexa polo descenso.

Con todo iso recibían a un dos equipos da zona alta, un Conxo que chegou e foise das Gándaras desde o terceiro chanzo da clasificación.

O Lugo fíxose co balón desde o inicio, pero a

"CANDO ACABAS O PARTIDO SEN FORZAS É QUE ESTAMOS CUMPLINDO UN DOS OBTXECTIVOS QUE NOS POÑEMOS NO DÍA A DÍA"

YONI - CD Lugo

pegada foi para os composteláns, inaugurando o marcador aos once minutos na súa primeira chegada aos dominios de Jorge.

Os lucenses repuxéronse deste primeiro contratempo e seguiron dominando, ata tralo cero a dous na segunda ocasión visitante ao longo da primeira parte.

Jose, cun man a man no que cedeu o balón a André cando podía rematar. Fío cunha internada, e un



3 **ENCUNTROS SEN GAÑAR** acumula un Lugo que marca o corte dos equipos máis claras na segunda fase polo título galego ou pola permanencia na Liga Galega infantil a próxima tempada

remate de Dani desde dentro do área pequena, foron as ocasións máis claras para un Lugo que mereceu moito mellor premio ao descanso que o cero a dous que reflectía o marcador.

Xa na segunda parte, de novo o Conxo Santiago exhibiu unha pegada fóra do normal levando o marcador ata o cero a catro, tras unha gran acción individual aos catro minutos e unha contra letal á hora de xogo. A partir de aí, o Lugo, lonxe de baixar os brazos continuou loitando e puido maquillar o resultado cos goles de Bruno, ao aproveitar un rexeite tras disparo de Xavi desde fóra da área, e co dous a catro que asinou Diego tras un pase de André.

Xa no desconto ata se chegou a soñar coa heroica tras unha ocasión de Álex á saída dun córner que puido supoñer o tres a catro.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
XOEL EIJO	Viveiro CF	8	LÓPEZ	RC Villalbés	18	AYMAN	CD Lugo B	7	LUCAS	Viveiro CF	15	ADRI	SD Viveiro	10	MATEO	SD Viveiro	10
DAVID	RC Villalbés	5	XOEL EIJO	Viveiro CF	15	FREIRE	CD Lugo	4	MIGUEL	Milagrosa	14	XOEL F.	SD Viveiro	9	XOEL FERRO	SD Viveiro	8
SCHUSTER	CD Lugo	4	DIEGO	Viveiro CF	15	LOMBA	CD Lugo	3	MARTÍN	RC Villalbés	12	ANDRÉ	CD Lugo	5	JAVI B.	SD Viveiro	8
DIEGO	Viveiro CF	4	SPEEDY	RC Villalbés	9	HUGO	CD Lugo	3	DAVID	Viveiro CF	12	DIEGO	CD Lugo	5	ÁLVARO	SD Viveiro	3
GABARRE	CD Lugo	3	CONDE	Residencia	9	RAFA	Milagrosa	3	CABARCOS	Milagrosa	9	JOSE	CD Lugo	4	DAVID A.	SD Viveiro	3
MANU	CD Lugo B	3	NOEL	RC Villalbés B	8	CABARCOS	Milagrosa	3	ADRIÁN	Viveiro CF	9	DANI	CD Lugo	2	ADRI	SD Viveiro	2
SPEEDY	RC Villalbés	3	DANI	RC Villalbés B	7	CRISTIAN	RC Villalbés	3	HUGO	Viveiro CF	9	BRUNO	CD Lugo	2	JUAN LIZ	SD Viveiro	2
GABRI	RC Villalbés B	3	TRASI	Viveiro CF	7	BORJA	CD Lugo	3	DIEGO	RC Villalbés	8	SAMUEL	SD Viveiro	2	RAFA	SD Viveiro	1
NOEL	Viveiro CF	3	GABRI	RC Villalbés	6	BORJA	CD Lugo B	2	ALBERTO	RC Villalbés	7	RAFA	SD Viveiro	2	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1
ÓSCAR	CD Lugo	2	XAIRO	RC Villalbés	6	MANU	CD Lugo B	2	JUAN	Milagrosa	6	XAVI I.	CD Lugo	1	SAMUEL	SD Viveiro	1
YAGO	CD Lugo	2	GABRI	RC Villalbés B	6	MIGUEL	Milagrosa	2	RAFA	Milagrosa	6	RAÚL V.	CD Lugo	1	XOEL P.	SD Viveiro	1
SAMU	CD Lugo B	2	IAGO	RC Villalbés B	6	MARCO	Milagrosa	2	AMADO	RC Villalbés	6	PEPE	CD Lugo	1	NAIM	SD Viveiro	1
BRIAN	CD Lugo B	2	DENIS	RC Villalbés B	6	DIEGO	Milagrosa	2	PABLO	Viveiro CF	6	LUCAS	CD Lugo	1	-	-	-
GABRI	RC Villalbés	2	DANI	Residencia	6	CARLOS	RC Villalbés	2	SERGIO	Viveiro CF	6	DAVID DIAZ	SD Viveiro	1	-	-	-
NICO	RC Villalbés	2	LIS	Residencia	6	MENDAÑA	Viveiro CF	2	BRAIS	Milagrosa	5	XOEL P.	SD Viveiro	1	-	-	-
BUJÁN	RC Villalbés B	2	DAVID	RC Villalbés	5	HUGO	Viveiro CF	2	CARLOS	RC Villalbés	5	-	-	-	-	-	-
YAGO	Residencia	2	LÓPEZ	RC Villalbés B	5	ADRIÁN	Viveiro CF	2	LEO	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
FONSECA	Residencia	2	JAVI	RC Villalbés B	5	LUCAS	Viveiro CF	2	HUGO	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
CONDE	Residencia	2	MIGUEL	RC Villalbés B	5	LUIS	CD Lugo	1	JAVI	RC Villalbés	4	-	-	-	-	-	-
BORJA	Viveiro CF	2	YAGO	Residencia	5	MANEL	CD Lugo	1	BUIDE	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	CD Lugo	1	ROI	Residencia	5	ALESITO	CD Lugo	1	NICO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	GÓMEZ	Viveiro CF	5	BUIDE	CD Lugo B	1	ANXO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	ANXO	RC Villalbés	4	PÉREZ	CD Lugo B	1	HUGO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
XABI D.	CD Lugo	1	ANIDO	RC Villalbés	4	ANTÓN	CD Lugo B	1	NOEL	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	RARES	RC Villalbés	4	ÓSCAR	RC Villalbés	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	SANTI	RC Villalbés B	4	NOEL	RC Villalbés	1	MARCO	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	DE LA IGLESIA	Residencia	4	MIGUEL	RC Villalbés	1	CRIS	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	NOEL	Viveiro CF	4	MARTÍN	RC Villalbés	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	3	JAVI	Viveiro CF	1	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
CASTRÍN	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	3	PABLO	Viveiro CF	1	MARIO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MATEO	CD Lugo B	1	GABI	RC Villalbés B	3	-	-	-	LOSADA	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	CABADO	RC Villalbés B	3	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	GARCIA	Residencia	3	-	-	-	MARCOS	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	JUAN	Viveiro CF	3	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
ANIDO	RC Villalbés	1	ÁLEX	RC Villalbés B	3	-	-	-	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	FONSECA	Residencia	3	-	-	-	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
LÓPEZ	RC Villalbés B	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
MIGUEL	RC Villalbés B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	-	-	-	MARIO	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
SANTI	RC Villalbés B	1	BUJÁN	RC Villalbés B	2	-	-	-	JOSE	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
IAGO	RC Villalbés B	1	RAÚL	RC Villalbés B	2	-	-	-	CRISTIAN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	YOEL	Residencia	2	-	-	-	LUCA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
DANI	Residencia	1	CANCIO	Residencia	2	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
CANCIO	Residencia	1	DAVID	Residencia	2	-	-	-	CARLOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
ROI	Residencia	1	ADRI	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



FÚTBOL FEMININO LIGAS GALEGAS

A Milagrosa infantil quedouse ás portas da remontada ante o Mos

TRAS IR PERDENDO POR CERO A DOUS, Patricia e Martina devolveron as táboas ao marcador antes do definitivo dous a tres

Duás derrotas dos dous equipos da Milagrosa que compiten nas ligas galegas de fútbol feminino. O conxunto que máis preto estivo dos puntos foi o infantil, que perdeu por un axustado dous a tres en Friga ante o Mos.

O encontro non arrincou ben para as lucenses xa que aos once minutos o marcador xa era de cero a dous. A partir de aí esperaron as capitalinas, recortando distancias por medio de Martina e igualando de novo o marcador por medio

de Patricia antes de chegar ao descanso con empate a dous no marcador.

Na segunda parte os dous equipos buscaron o gol

da vitoria e nesta ocasión a fortuna estivo do lado visitante co definitivo 2-3

Máis complicado o tivo o conxunto alevín da Liga

Promesas que se mediu cun Victoria que é aspirante ao título de Liga, coma demostrou en Friga ao impoñerse por cero goles a oito.

24

BALÓNS DE AGASALLO

A Federación Galega de Fútbol representada polo Vicepresidente Carlos Méndez, fixo entrega de 24 balóns oficiais para a Milagrosa tralo convenio asinado con PizzaMovil



As xogadoras da Milagrosa e do UD Mos posaron antes do encontro co Vicepresidente da Federación, Carlos Méndez



Ainara Linares, alevín, ante unha rival a piques de disparar



A albivermella Nekane avanzando co esférico



Candela trata de frear o avance dunha xogadora rival

ALEVIN FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Orzán - Calvo Sanz	9-0
Crendes - Arzúa	7-0
Narón D - Victoria	1-5
Milagrosa - Victoria E	0-8
Obradoiro - Silva	14-2

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts X G E P
VICTORIA C.F. "E"	9 3 3 0 0
VICTORIA F.C.	9 3 3 0 0
ORZÁN S.D.	9 3 3 0 0
X. DE CRENDES	6 3 2 0 1
NARÓN D FREIXO "D"	6 3 2 0 1
A.D.C. OBRADOIRO	3 3 1 0 2
S.C.D. MILAGROSA	3 3 1 0 2
EF. LUIS CALVO SANZ	0 3 0 0 3
ARZÚA FEMININO	0 3 0 0 3
SILVA S.D.	0 3 0 0 3

PRÓXIMA XORNADA	
Calvo Sanz - Obradoiro	Victoria E - Narón D
Arzúa - Orzán	Silva - Milagrosa
Victoria - Crendes	

INFANTIL FEMININO GALEGA	
RESULTADOS	
Victoria D - Valladares	8-1
Umia - EF Rosalia	0-6
Milagrosa - UD Mos	2-3
Interrias - San Mateo	1-2
Victoria - Orzán	2-0

CLASIFICACIÓN	
Equipo	Pts X G E P
VICTORIA C.F. "D"	12 4 4 0 0
VICTORIA F.C.	12 4 4 0 0
ORZÁN S.D.	9 4 3 0 1
EF FEMININO ROSALIA	9 4 3 0 1
UD. MOS	6 4 2 0 2
SC SAN MATEO	4 4 1 1 2
S.C.D. MILAGROSA	3 4 1 0 3
INTERRIAS FEMININO	1 4 0 1 3
UMIA C.F.	1 4 0 1 3
C.D. VALLADARES	1 4 0 1 3

PRÓXIMA XORNADA	
Victoria D - Umia	San Mateo - Victoria
EF Rosalia - Milagrosa	Valladares - Orzán
UD Mos - Interrias	

CRÓNICA PREBENXAMÍN

Ribadeo e Burela A repartiron puntos e goles na Mariña

EMPATE A 4 GOLES no encontro máis igualado da xornada

O líder no grupo Norte deixouse puntos por primeira vez no que vai de temporada con este empate na súa visita a Ribadeo. O Rácing Villalbés, segundo clasificado, impúxose ao Burela B por 1-1 na Marosa.

No grupo Sur A terceiro triunfo consecutivo para Ferroviaria e Sagrado Corazón, primeiro e segundo clasificados. O CP Casás suma seis puntos nas dúas últimas xornadas tras gañar a CP

Lucense o sábado por 1-8.

O CD Lugo A mantense como líder no grupo Sur B con seis triunfos noutros tantos encontros. Os albivermellos superaron a Ferroviaria 0-9, mentres que Pirin-galla, segundo, se impuxo a Mila B. O Monterroso sumou os primeiros tres puntos ante o Polvorín. Residencia e Lugo B fixéronse coas vitorias no Sur C. Os branquiazuis superaron a Mila A, mentres que o Lugo B gañou a Piringalla.

CRÓNICA BENXAMÍN

O CD Lugo está a unha vitoria de clasificarse para o Provincial

OMÉRCORES poden confirmalo de gañar ao Villalbés A

Os albivermellos, con 9 puntos e un partido menos no Grupo Norte, sacan 6 ao Xove Lago, quinto clasificado. O Burela, segundo na táboa clasificatoria, gañou ao Ribadeo e suma dous triunfos consecutivos. No outro encontro do grupo, Santiago de Foz impúxose a Xove Lago.

CP Lucense A é líder con 12 puntos no Grupo Sur, mentres que a igual-

3

XORNADAS restan para que remate a primeira fase da competición nos dous grupos de 1ª Autonómica. Os catro primeiros de cada un deles clasificaranse para disputar o Campionato Provincial

dade é máxima entre segundo e quinto clasificado, todos eles suman 8 puntos.

CRÓNICA ALEVÍN

Xove Lago e Residencia, a un paso de disputar a segunda fase

DE GAÑAR a próxima xornada, asegurarían a súa presenza

Os mariñaos, no Norte, sumar 12 puntos e sacan nove ao quinto clasificado, cun partido menos. A Residencia conta tamén con 12, oito máis que a Milagrosa, que marca o corte dos equipos que se clasificarían para loitar polo Título Provincial e unha das dúas prazas que haberá en xogo para o Campionato Galego alevín. Un triunfo da Residencia ante Casás o vindeiro

1

TRIUNFO de Xove Lago e Residencia a próxima xornada aseguraría unha praza para cada un dos equipos no próximo Provincial Alevín

sábado daría unha praza aos branquiazuis. Os Xove Lago visitará o Viñás da Veiga para buscar o triunfo ante o Mondoñedo, cuarto clasificado.

CLASIFICACIONES PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

PREBENXAMÍN 1º NORTE
RESULTADOS

Ribadeo A – SD Burela A **4-4**
Stgo. de Foz – RC Villalbés B **Apt.**
SD Burela B – RC Villalbés A **1-11**

PREBENXAMÍN 1º SUR A
RESULTADOS

Piringalla C – Ferroviaria A **1-9**
CP Lucense – Casás **1-8**
Sagrado – Abuiñ **2-1**

PREBENXAMÍN 1º SUR B
RESULTADOS

Ferroviaria B – CD Lugo A **0-9**
Piringalla A – Milagrosa B **4-2**
Monterroso – Polvorin A **6-3**

PREBENXAMÍN 1º SUR C
RESULTADOS

Milagrosa A – Residencia **1-12**
CD Lugo B – Piringalla B **9-3**

CLASIFICACIONES

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD PORTO BURELA "A"	16	6	5	1	0
RACING C. VILLALBES "A"	13	6	4	1	1
S.D. RIBADEO "A"	8	6	2	2	2
AD SANTIAGO DE FOZ	4	4	1	1	2
SD PORTO BURELA "B"	3	6	1	0	5
RACING C. VILLALBES "B"	1	4	0	1	3

CLASIFICACIONES

Equipo	Pts	X	G	E	P
AD FERROVIARIA "A"	9	3	3	0	0
ADC SAGRADO CORAZON	9	3	3	0	0
C.D. CORGO	6	3	2	0	1
C.P. CASAS	6	4	2	0	2
C.POL. LUCENSE	3	3	1	0	2
ADC PIRINGALLA "C"	3	4	1	0	3
ATLETICO ABUIN	0	4	0	0	4

CLASIFICACIONES

Equipo	Pts	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	18	6	6	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	15	6	5	0	1
A.D. FERROVIARIA "B"	9	6	3	0	3
S.C.D. MILAGROSA "B"	6	6	2	0	4
MONTERROSO S.D.	3	5	1	0	4
EF POLVORIN "A"	0	5	0	0	5

CLASIFICACIONES

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD RESIDENCIA	9	3	3	0	0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	6	2	2	0	0
S.D. SARRIANA	6	3	2	0	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	3	3	1	0	2
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	0	3	0	0	3
EF POLVORIN "B"	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA
Villalbés A – Ribadeo A RC Villalbés B – Burela B
Burela A – Stgo. de Foz

PRÓXIMA XORNADA
Corgo – Piringalla C Casás – Sagrado
Ferroviaria A – Lucense

PRÓXIMA XORNADA
Polvorin A – Ferroviaria B Milagrosa B – Monterroso
CD Lugo A – Piringalla A

PRÓXIMA XORNADA
Polvorin B – Milagrosa A
Residencia – CD Lugo B

1 **91**

APRAZADO O encontro do Grupo norte que debería medir a Santiago de Foz e Racing Villalbés B xogarase o vindeiro 6 de decembro ás 11:30 no Municipal de Foz logo de chegar ambos equipos a un acordo para aprazalo esta fin de semana

GOLES A xornada prebenxamín deixou un total de 91 tantos repartidos entre os dez encontros que se disputaron esta fin de semana ao longo da Provincia, polo que a media ascende a pouco máis de nove goles por encontro disputado. Onde máis tantos se viron foi no encontro que mediu a Milagrosa e a Residencia do Grupo Sur C. con trece goles en total



Marco da Mila e Bruno loitando por recuperar un balón



Guille esquivando unha entrada de Zaluaga da Mila



Iker, da Piringalla, facendo un pase ante Diego



Sergio, da Milagrosa, e Guido perseguindo o coiro

SCD MILAGROSA B PREBENXAMIN PROVINCIAL GRUPO B

12 xogadores en total **1**ª equipación



PLANTILLA



Laura e Julio, da Resi. loitando polo esférico



Iago conducindo o balón diante do branquiazul Omar



Martin, Pablo e Enzo da Mila ante Omar e Adrián Vilor



Diego T. da Mila a piques de golpear ante Guido



Mateo, do Maria Auxiliadora, e Nico Fraga da Mila

CLASIFICACIÓNS BENXAMÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

BENXAMÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
Ribadeo A – SD Burela A	0-7
RC Villalbés A – CD Lugo A	Apr.
Stgo. de Foz – Xove Lago	3-1

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	9 3 3 0 0
S.D. PORTO BURELA "A"	6 3 2 0 1
RACING C. VILLALBES "A"	6 2 2 0 0
AD. SANTIAGO DE FOZ	6 3 2 0 1
U.D. XOVE LAGO	3 4 1 0 3
S.D. RIBADEO "A"	3 4 1 0 3
S.D. VIVEIRO "A"	0 3 0 0 3

PRÓXIMA XORNADA	
Viveiro A – Ribadeo A	CD Lugo A – Stgo. de Foz Burela A – RC Villalbés A

BENXAMÍN 1º SUR	
RESULTADOS	
Milagrosa A – Residencia	7-1
CP Lucense A – Piringalla A	2-2
Polvorin A – CD Lugo B	6-1

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
C.P.O.L. LUCENSE "A"	12 6 3 3 0
S.C.D. MILAGROSA "A"	8 6 2 2 2
EF POLVORIN "A"	8 6 2 2 2
C.D. LUGO S.A.D. "B"	8 6 2 2 2
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	8 6 1 5 0
S.D. RESIDENCIA	3 6 1 0 5

PRÓXIMA XORNADA	
CD Lugo B – Milagrosa A	Piringalla A – Polvorin A Residencia – CP Lucense A

BENXAMÍN 2º NORTE	
RESULTADOS	
RC Villalbés B – Río Ouro	1-4
Ribadeo B – SD Burela B	7-4
Viveiro B – RC Villalbés C	4-4

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
S.D. VIVEIRO "B"	13 6 4 1 1
A.D. RÍO OURO	13 6 4 1 1
RACING C. VILLALBES "C"	11 6 3 2 1
S.D. RIBADEO "B"	9 6 3 0 3
RACING C. VILLALBES "B"	4 6 1 1 4
S.D. PORTO DE BURELA "B"	1 6 0 1 5

PRÓXIMA XORNADA	
Villabés C – Villabés B	SD Burela B – Viveiro B Río Ouro – Ribadeo B

BENXAMÍN 2º SUR A	
RESULTADOS	
Fonsagrada – Comercial	Apr.
CP Lucense B – Piringalla D	0-4
Sagrado B – Abuín	5-1

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
SAGRADO CORAZÓN "B"	9 3 3 0 0
A.D.C. PIRINGALLA "D"	6 4 2 0 2
S.G. COMERCIAL	6 2 2 0 0
C.D. CORGO	6 3 2 0 1
FONSAGRADA BALOMPE	3 3 1 0 2
C.P.O.L. LUCENSE "B"	1 3 0 1 2
ATLETICO ABUIN	1 4 0 1 3

PRÓXIMA XORNADA	
Corgo – Fonsagrada	Piringalla D – Sagrado B Comercial – CP Lucense B

BENXAMÍN 2º SUR B	
RESULTADOS	
Piringalla B – Ribeira	0-4
Ferroviana B – Sagrado A	Apr.
Monterroso A – Antas	6-0
Piringalla E – Palas	4-4

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
RIBEIRA FS	10 4 3 1 0
MONTERROSO S.D. "A"	9 4 3 0 1
SAGRADO CORAZÓN "A"	7 3 2 1 0
A.D. FERROVIARIA "B"	6 3 2 0 1
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	4 4 1 1 2
S.D. ANTAS	4 4 1 1 2
PALAS C.D.	1 4 0 1 3
A.D.C. A PIRINGALLA "E"	1 4 0 1 3

PRÓXIMA XORNADA	
Piringalla B – Ferro B	Antas – Piringalla E Sagrado A – Monterroso A Ribeira – Palas

BENXAMÍN 2º SUR C	
RESULTADOS	
Sarriana – Milagrosa B	2-2
Becerreá – Polvorin B	3-3
Ferroviana A – Piringalla C	2-7
Piringalla F – Monterroso B	5-3

CLASIFICACIÓNS	
Equipo	Pts. X G E P
ADC PIRINGALLA "C"	10 4 3 1 0
S.D. BECERREA	7 4 2 1 1
S.C.D. MILAGROSA "B"	7 4 2 1 1
EF POLVORIN "B"	6 4 1 3 0
ADC PIRINGALLA "F"	6 4 2 0 2
S.D. SARRIANA	5 4 1 2 1
A.D. FERROVIARIA "A"	3 4 1 0 3
MONTERROSO S.D. "B"	0 4 0 0 4

PRÓXIMA XORNADA	
Sarriana – Becerreá	Piringalla C – Piringalla F Polvorin B – Ferroviana A Milagrosa B – Monterroso B



Alejandro, Ribeira, entre Hugo e Álex da Piringalla



O laranxa Sergio e Alejandro loitan por un balón dividido



Álex P. trata de avanzar ante a presión de Sergio e Hugo



Álex, do Ribeira, vaise por velocidade de Quique

SD RIBADEO A BENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL GRUPO NORTE

14 xogadores en total 1ª equipación





JAVI



XOEL



VÍCTOR



TONI



NICO



MARTÍN



MARQUÉS



MARCOS



LUCAS



JOSUÉ



IAN



IAGO



DIEGO



ÁLVARO



ÁLEX



Martin, Mª Auxiliadora, entre os albivermellos Yliass e Manu



Pico, Ferroviana A, e Claudia, loitando un balón dividido



Saavedra vaise co balón controlado por diante de Kevin



Hugo a piques de disparar defendido por Álex

CLASIFICACIONES ALEVÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

ALEVÍN 1º NORTE	
RESULTADOS	
Viveiro A – Mondoñedo A	2-2
CD Castro – SD Burela A	1-11
RC Villalbés A – CD Lugo A	Apr.
Stgo. de Foz – Xove Lago	2-4
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
U.D. XOVE LAGO	12 4 4 0 0
PORTO DE BURELA "A"	10 4 3 1 0
C.D. LUGO S.A.D. "A"	7 3 2 1 0
MONDOÑEDO CIUDAD "A"	7 4 2 1 1
RACING C. VILLALBES "A"	3 3 1 0 2
AD SANTIAGO DE FOZ	3 4 1 0 3
S.D. VIVEIRO "A"	1 4 0 1 3
C.D. CASTRO	0 4 0 0 4
PRÓXIMA XORNADA	
Viveiro A – CD Castro	CD Lugo A – Stgo. de Foz
Burela A – RC Villalbés A	Mondoñedo A – Xove Lago

ALEVÍN 1º SUR	
RESULTADOS	
Residencia – Milagrosa A	7-1
Casás – Sagrado A	3-1
CD Lugo B – CP Lucense A	5-1
Polvorin A – Sarriana A	6-3
CLASIFICACIONES	
Equipo	Pts. X G E P
S.D. RESIDENCIA	12 4 4 0 0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	12 4 4 0 0
C.P. CASÁS "A"	9 4 3 0 1
EF POLVORIN "A"	6 4 2 0 2
S.C.D. MILAGROSA "A"	4 4 1 1 2
CP.LUCENSE "A"	3 4 1 0 3
SAGRADO CORAZÓN "A"	1 4 0 1 3
